

2. INFORME DO SECRETARIO



MEMORIA DE ACTIVIDADES

I. ACTIVIDADE ORGANIZATIVA

- a. Padroados
- b. Comisións de goberno
- c. Reunións institucionais protocolarias
- d. Reunións de traballo.

II. ATENCIÓNS DA FUNDACIÓN

- a. Visitas a Casa Museo.
- b. Actividades fóra de Trasalba.
- c. Relacións de proximidade.

III. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

- a. Festa Literaria 2017
- b. Domingo Fontán
- c. Homenaxes
 - i. Rosalía
 - ii. Prado Lameiro
 - iii. Carlos García Martínez
- d. Abril Oteriano
- e. Edicións

IV. XESTIÓNS DE ESPAZOS E MATERIAS

MEMORIA DE ACTIVIDADES

maio 2017- maio 2018

A actividade da Fundación Otero Pedrayo ao longo deste curso 2017-8 centrouse nas liñas habituais de cumprimento das actividades organizativas ordinarias (reunións do Padroado e da Comisión Executiva), promoción e atención ás visitas, e démoslle ese ano especial énfase á realización de actividades fóra do espazo Trasalba, á apertura ao medio social no que se haxa integrada, e á visibilización da Fundación no panorama cultural de Galicia.

Como xa están aprobadas tanto as actividades do 2017 no Padroado do 22 de decembro pasado como o proxecto de 2018, imos facer unha síntese delas parándonos nas realizadas ata o momento presente do 2018.

V. ACTIVIDADE ORGANIZATIVA

e. Padroados

Celebráronse 3 plenarios do Padroado, os xa informados dos días 26 de xuño e 22 de decembro de 2012, e o do 23 de febreiro -cuxas actas foron aprobadas neste acto- e este do 30 xuño de 2018.

f. Comisións de goberno

Celebráronse 7 Comisións de Goberno no curso: os días 19 de maio, o nove de agosto e o 15 de decembro de 2017 xa informadas, e os días 9 de febreiro, 23 de marzo, 18 de maio e 15 de xuño deste 2018. Na primeira o tema monográfico foi a reforma dos estatutos e a preparación do Plenario do 23 de febreiro, na segunda o punto principal foi a escolla do premio Trasalba 2018, e nas dúas últimas a preparación da Festa de Trasalba.

g. Reunións institucionais protocolarias

Realizáronse en distintas datas, reunións protocolarias de presentación, toma de contacto e exploración de posibilidades de traballo conxunto coas autoridades do país.

Logo das xa informadas reunións co Alcalde de Ourense, co Alcalde de Amoeiro, co Presidente da Deputación de Ourense, co presidente de Galicia, co Presidente da AAVV O Castelo de Cimadevila, co Conselleiro de Cultura e os seus secretarios xerais de Cultura e de Política Lingüística, e coas autoridades da Fundación Penzol e da Editorial Galaxia, debemos referir outras co Presidente da Deputación o día 2 de marzo, do Presidente, Secretario e Tesoureiro, e outra máis co Presidente do Parlamento Galego o día 17 de abril.



En todas estas reunións detectamos un fondo aprecio e respecto pola figura de Otero e a vontade de seguir colaborando, as institucións que así xa o fan. A Deputación de Ourense, por exemplo, sinala que estaría disposta a facer un convenio complementario ao actual - coa Fundación Otero Pedrayo para dixitalizar os fondos dispersos de Otero Pedrayo e poñelos a disposición pública en Ourense. Desde a Presidencia do Parlamento Galego, conscientes da importancia de Otero e da confluencia de vontades que provoca, está disposta a emprender camiños de colaboración, para os que agarda iniciativas.

En definitiva, en función das posibilidades que teñamos de crear más capacidade de xestión, teremos máis acceso a recursos para levala a cabo.

h. Reunións Comisións de traballo e de Coordinación con outras Fundacións.

Fomos convocados pola consellería de Cultura, e asistimos activamente ás reunións convocadas co obxectivo do 2020, ano da Xeración Nós. Tamén fomos convocados ás reunións sobre os Proxecto Estratéxico da Cultura Galega, 2020.

Logo do I Encontro das Casas Museo e Fundación de Escritores de Galicia en Ponteceso, no mes de outubro pasado, participamos no II Encontro celebrado en Celanova o día 10 de febreiro, onde se tratou a conveniencia de iniciarmos un camiño común de promoción creando unha estrutura estable que inclúa a todas as nosas Fundacións e ás do norte de Portugal.

O tres de marzo xirouse unha vista á Fundación Rosalía de Castro, na que participaron o Presidente, Secretario e Conservador, onde lle foi amosada a experiencia de reforma da Casa de Rosalía acometida nos últimos tempos polo seu presidente Anxo Angueira.

O día 5 de marzo participouse nunha xuntanza coas outras catro fundacións de autor de Ourense (Vicente Risco, Blanco Amor, Curros Enríquez e Losada Diéguez) nesa liña de traballo exposta, coa idea de celebrar proximamente unha xuntanza en Trasalba.

VI. ATENCIÓNS DA FUNDACIÓN

a. Visitas a Casa Museo.

Imos facer o habitual repaso das visitas entre o Plenario de xuño pasado e o de xuño seguinte. As visitas, aínda absolutamente escasas, sen paliativos, incrementáronse un 24,29 por cento respecto do ano pasado, pasando de 1.959 a 2.435.

Este medre débese en parte, ao incremento de vistas de estudantes que foi este ano de 1.177 fronte a 902 (19'4 %) pero máis, ás actividades que se celebraron nas nosas instalacións promovidas desde distintos ámbitos;



uns habituais, outros novos, e que tamén lle dan sentido e utilidade ás mesmas. (Propias: Homenaxe a Domingo Fontán, Abril Oteriano; da AA VV O Pazo de Cimadevila; do Concello de Amoeiro e Universidade; da Deputación Provincial; Asociación Galega de Saúde Mental, Asociación Galega de Apicultura e Asociación Apícola Ourensana), que en total, suman 848 visitas. O resto das repártense entre outros grupos e as devecentes visitas particulares que baixaron de 397 e 340 (-12,60).

Fronte a isto, consideramos, hai que traballar en varias liñas:
- Modernización das estratexias comunicativas no ciberespazo e anovación do discurso.
- Integración e paquetes transversais das visitas escolares.
-Apertura a outros colectivos.
-Fomento actividades propias e de proximidade.



VISITAS AO PAZO MUSEO ENTRE MAIO DE 2017 E MAIO DE 2018

a.	Escolares (Previa reserva, 29 grupos. Entre eles, o 2 de outubro, do Instituto Apostolo Santiago de Buenos Aires, na foto anterior)	
		1.177
b.	Individuais.	340
c.	Cursos externos	300
d.	Activides externas (Premio Otero Pedrayo, ICWEEK Concello Universidade, Masóns, XII Xornadas Psiquiatría)	326
e.	Actividades internas (Coloquio Fontan, Abril Oteriano)	80 e 25
f.	Grupos de veciños de Trasalba 3 ocasións, plenos AVV. Magostos	117
g.	OUTROS	
i.	Discapacitados As Burgas	20
ii.	Cregos de Ordes	20
iii.	Progama maiores campus Pontevedra	30
		TOTAL 2.435

Respecto das visitas escolares, sinalar que o novo horario e xeito de atención ao público para optimización dos recursos de persoal da Casa (aberta en horario regular de xoves a domingo, e baixo demanda de grupos, de luns a mércores) non tivo ningunha repercusión negativa na atención aos centros. Así, as vinte e nove reservas de Institutos e Centros de primaria, producíronse, por días da semana, do xeito seguinte: 4 luns, 10 martes, 3 mércores, 7 xoves, 5 venres. Daquela, nos días de atención exclusiva baixo demanda, concretáronse 17 e nos días ordinarios, 12. Por meses, as reservas foron maiores, loxicamente no primeiro trimestre (outubro-novembro, 10) e no terceiro (abril, maio, xuño, 11) que no segundo (xaneiro, febreiro, marzo, 8).



(Grupo dun Instituto con Yosi de Los Suaves, o día da entrega dos Premios das Deputacións).

Obviamente estes resultados cómpre modificalos. Debemos promover estratexias de visita diferentes, é preciso combinalos con outras visitas ás proximidades, como se intentara con San Cibrán de Las e, se cadra, non só do sector cultural. É precisa un grupo de reflexión didáctica e xestión específica na Fundación. A evidencia indica que hai que facer máis atractiva a visita, promocionala mellor, e ter xente que a atenda, e o xeito de facer isto é o único interese que nos debe mover.

b. Actividades fóra de Trasalba.

Ás actividades promovidas na sede da Fundación neste Pazo Museo Otero Pedrayo, poderíamoslles engadir 455 participantes en actividades nas que intervén a Fundación noutras localizacións:

Á parte do xa referenciado Coloquio Fontán no Liceo de Ourense (40), do que informamos na xuntanza do 22 de decembro, temos a Homenaxe a Prado Lameiro (29 de decembro 2017), cuns 100 participantes, no Xardín do Posío, e coa participación ao noso lado, das Fundacións Castelao, Vicente Risco, Losada Diéguez e Alexandre Bóveda, as visitas guiadas ao Cemiterio de San Francisco, os días 10 e 14 de abril, (110 participantes), e o Coloquio Abril Oteriano en Compostela (20-21 de abril) (50) e paseo nocturno por Santiago (21 de abril) (30), e a presentación do libro Otero Cronista na Feira do Libro de Ourense (35), Participación nas II Xornadas do viño e a cultura promovidas por EVEGA (90).

En total, entre visitas e actividades fóra, con xenerosidade nesta interpretación, poderíamos dicir que foron 2.890 persoas “conectadas” directamente nalgún momento coa Fundación ao longo do tempo obxecto deste informe.

VII. RELACIÓN DE PROXIMIDADE.

Unha das máximas da Comisión de Goberno neste ano foi afondar na relación coas institucións e colectivos más próximos para explorarmos e desenvolvermos vías de coorperación.

O Concello de Amoeiro, colabora connosco do mellor xeito que pode. Non a través dunha difícil achega de fondos directos para un concello pequeno, pero si de contribución con persoal e maquinaria para o mantemento físico das fincas e eidos más próximos ao núcleo da Casa. Ademais, este ano, facilitounos un espazo de almacenamento de libros no antigo local da escola unitaria de Trasalba, que polo menos palía en parte, o problema existente neste campo. Sería interesante protocolizar esta colaboración mediante un convenio de colaboración que non só recollese intencións, senón que abrise unha relación continúa -reunións fixas no tempo- e liñas de colaboracións específicas, culturais e turísticas. Tamén, o Concello de Amoeiro inclúe o Pazo Museo Otero Pedrayo nas súas visitas culturais, e o Concello sabe que ten aberto sempre o Salón de actos para as xornadas e actividades propias.

Interésanos mimar especialmente a relación coa **Asociación de Veciños "O Pazo" de Cimadevila**, que desde o momento fundacional levan orgullosamente como lema distintivo a referencia a esta casa no seu propio nome. Sen dúbida, son os veciños más próximos a Otero Pedrayo, os que o coñeceron e trajeron directamente, os que viñan a esta casa e nos refieren anécdotas e vivencias coa familia Otero, son a memoria local oteriana que nos dá unha visión humana e próxima a don Ramón e a familia. Dentro



deste obxectivo está a apertura da casas para as súas actividades organizativas e recreativas. Realizaron varias reunións de veciños para tratar temas do seu interese e fixeron o Magosto ao que asistiron tamén membros da Xunta de Goberno, como sinalamos no informe de Tamén, celebraron a noite do 23 pasado, a sardiñada do San Xoán.

Iniciamos, tamén, relación con **Adega Terras Mancas**, de nova creación non lugar de Soutomanco, na parroquia de Trasalba, da Indicación Xeográfica Protexida Val do Miño- Ourense, -a que nos agasalla no día de hoxe cos viños da Festa- de cara á colaboración posible no establecemento de visitas convxuntas, como de posta en valor enolóxico das tradicionais áreas de viño das propiedades da Casa.



Tamén estreitamos lazos co **Consello Regulador da D.O. do Ribeiro**, e participamos na II XORNADAS DE OUTONO: CULTURA DO VIÑO E LITERATURA CARLOS CASARES, OTERO PEDRAYO E O VIÑO DO RIBEIRO na sesión celebrada en Ourense, no Liceo de Ourense o 15 de novembro.

RIBEIRO PALABRA DE CARLOS CASARES E DE OTERO PEDRAYO

Coordinador: Xavier Castro

II XORNADAS DE OUTONO: CULTURA DO VIÑO E LITERATURA

CARLOS CASARES, OTERO PEDRAYO E O VIÑO DO RIBEIRO

Mércores, 15 de Novembro

-As 19 horas, diante da estatua de Otero Pedrayo, na Praza do Corredor:
Homenaxe e brindis por Otero Pedrayo.

-As 20 horas, no LICEO DE OURENSE



LICEO DE OURENSE

Condutor da Sesión: Xavier Castro

Intervíu: Cristina Alcalá

Lugar: Cafeteria do Liceo de Ourense (Rúa Lamas Carvajal, 5. Ourense)
Data: Mércores, 15 de Novembro, às 20 horas
Cata e degustación: Viños branco e tinto do Ribeiro, especialmente etiquetados en homenaxe a Carlos Casares e Otero Pedrayo (D.O. Ribeiro)

Sen saímos do mundo do viño, entramos en trato coa **EVEGA, Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia**, e participamos nas súas II Xornadas do Viño e Cultura.



Con obxectivos semellantes, iniciamos contacto con **Coren** alimentación , que tamén colabora na festas de hoxe.

O VIÑO E A CULTURA GALEGA: RAMÓN OTERO PEDRAYO

Martes, 5 de xuño de 2018 | De 19:30 a 21:30 horas | MESA-FALADOIRO
Salón de actos do Centro Cultural Marcos Valcárcel (Rúa do Progreso, nº 30)
** Entrada libre (máximo 100 prazas)

Presentación da actividade

Juan Luis Saco Cid | Presidente da Fundación Otero Pedrayo

Ramón Otero Pedrayo: Semblanza. Ramón Otero Pedrayo e o viño.

Afonso Vázquez Monxardín Fernández | Catedrático de Lingua e Literatura Galega

Cata comentada de viños galegos

Luis Buitrón Barrios | Enólogo. Presidente da Asociación Galega de Enólogos. Vicepresidente Nacional da FEAE

AS MULLERES DO VIÑO: EXPERIENCIAS GALEGAS

Mércores, 6 de xuño de 2018 | De 19:30 a 21:30 horas | MESA-FALADOIRO
Salón de actos do Centro Cultural Marcos Valcárcel (Rúa do Progreso, nº 30)
** Entrada libre (máximo 100 prazas)

Presentación da actividade

Marisol Díaz Moutera | Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Ourense

As mulleres do viño. Experiencias galegas

Ángela Montero Rivera | Adega Val de Deva
Eduviges González | Adega Dona Elisa
Xiana Domínguez Álvarez | Adega Chao do Couso S.L.

Cata comentada de viños das adegas participantes.

O USO DAS TIC NA XESTIÓN DAS EMPRESAS VITIVINÍCOLAS: A OPTIMIZACIÓN WEB

Xoves 7 de xuño de 2018 | De 9:00 horas a 14:00 horas | TALLER PRÁCTICO
La Molinera (Rúa do Abrevadairo 1, 32002 Ourense)

** Precisa unha inscrición previa (<https://evega.xunta.gal>)

Introdución. Que é a Optimización Web?

Porque a maior parte das web non se posicionan ben?

Explicación práctica dos principais factores (ON PAGE) que afectan ao posicionamento dunha páxina web.



Cos responsables da **Deputación** -principal soporte económico e colabordor desta casativemos tamén varias reunións por varios temas, entre eles, para solucionar o tema do famoso miradoiro da Bocarribeira. E cónstanos o traballo conxunto que están facendo en favor do mesmo, o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández Fernández e o tenente de alcalde de Amoeiro, Sr.Adolfo González Núñez.

Co **Centro de Formación e Innovación do Profesorado (CAFI)** seguimos unha relación estable que teremos que incrementar. Integraron na súa oferta formativa -co recoñecemento de horas, etc—as actividades sobre Domingo Fontán e “Os anos más felices, Otero en Compostela”, se ben por cuestiós organizativas deles, esta última chegou con retraso ás redes de inscrición. En calquera caso debe ser unha liña de traballo permanente, para chegarmos con máis facilidade ao mundo da docencia.

En Ourense a relación con **El Liceo de Ourense** é fluída e usamos as súas instalacións case como propias. Organizamos alí as rodas de prensa sobre as nosas actividades, e charlas e coloquios con público xeral. Temos pendente a sinatura dun simbólico protocolo de colaboración que nada cambiará a nosa relación.



El Cercano, espazo recreativo cultural de Ourense, facilitounos os seus espazos para a sinatura da cesión das cartas de Otero Pedrayo ao doutor Manuel Conde Corbal, de que informará o arquiveiro, e está aberto a calquera tipo de colaboración que se lle ofreza ou propoña.

O trato coas autoridades da **Facultade de Xeografía e Historia de Santiago**, facilitounos unha plataforma para a roda de prensa de presentación do Abril Oteriano, como tamén a utilización gratuíta do recinto de Fonseca, cedido con todas as facilidades polo Reitorado compostelán.




A Asociacion Galega de saúde mental, seguiu

usando os nosos espazos para as súas xornadas, cousa que fai xa desde hai 22 anos, e foi a súa última reunión o xuño pasado e ha ser a seguinte no mes que vén.



VIII. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Unha serie de actividades propias da Fundación xa están informadas no plenario anterior, pero que as referenciamos para que quede constancia neste acto.



20 e 21 de outubro, FOMINGO FONTÁN E OTERO PEDRAYO, DÚAS VIDAS AO SERVIZO DE GALICIA.

Os días 20 e 21 de outubro tivo lugar na Casa de Trasalba e no Liceo de Ourense, un encontro titulado "Domingo Fontán e Otero Pedrayo. dúas vidas ao servizo de Galicia" con motivo de terse cumplido o 200 aniversario do comezo das obras para a realización do Mapa.

O programa reuniu aos especialistas na materia desde o punto de vista literario, cartográfico, histórico e familiar e desenvolveuse coa colaboración do CAFI e recoñecéndose como actividade formativa para os ensiantes. . O programa foi o seguinte.

20 venres de outubro SESIÓN EN TRASALBA



Acto inaugural coa presenza do Secretario Xeral de Cultura e o alcalde de Amoeiro, ás cinco da tarde.

5,30 tarde, *A vida de Domingo Fontán e a Fundación do seu nome*, **César Camargo Sánchez**, Vicepresidente da Fundación Domingo Fontán.

6,45 a 7,45 *A parroquia galega a partir da Carta Geométrica de Galicia*, **Mª Carmen Álvarez Monterroso**. Profesora de Xeografía e autora dunha laureada tese de doutoramento, e máxima especialista no Mapa de Fontán.

7,45 a 8,30 A correspondencia entre Otero Pedrayo e a familia de Fontán. por Pablo Sánchez Ferro, Director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense e Arquiveiro da Fundación Otero Pedrayo. Presentou as cartas doadas no seu día pola familia de Fontán á Fundación Otero Pedrayo e que se corresponden cun interesante grupo de orixinais relacionados sobre todo, coa transmisión que fixo a familia de diversos materiais á Universidade de Santiago e na que Otero tivo un certo rol mediador.





A continuación, seguindo un costume compartido por Otero e Fontán, tomamos un chocolate delicioso, feito por Susana González e gozando da compañía dun numeroso grupo de veciños da localidade natal de Domingo Fontán que é Portas, en Caldas de Reis, liderados polo alcalde da vila e pola presidente da Asociación Cultural Domingo Fontán. Tamén, como queda sinalado, estaba presente o descendente de Domingo Fontán que hoxe dirixe a Fundación que leva o seu nome, e todos xuntos, veciños de Portas e

poñentes no coloquio, sacamos fotos diante do Mapa que hai na Casa é que un dos motivos que máis curiosidade desperta.

Mañá do sábado 21 de outubro LICEO DE OURENSE

10,30 - A realización material do Mapa de Fontán, **Afonso Vázquez-Monxardín**, Catedrático de Literatura Galega no IES As Lagoas e Secretario da Fundación Otero Pedrayo.



11,30 *O matemático Rodríguez e Domingo Fontán na Fac. de Matemáticas da Universidade de Santiago*, por **Elena Vázquez Cendón**, Profesora de Matemática Aplicada, e Decana da Facultade de Matemáticas da USC.

12,30- 12,45 Café

12,45- 13-45 *O Fontán en Otero Pedrayo*, por **X. Manuel Salgado**, Profesor doutor de Literatura Galega na USC

Asistiu á clausura, o alcalde de Ourense.



O día 23 de decembro, promovemos unha acción conxunta das cinco Fundación que levan a memoria de Nós (Otero Pedrayo, Vicente Risco, Losada Diéguez, Castelao e Alexandre Bóveda) e a Coral de Ruada, de homenaxe a Xavier Prado Lameiro no Xardín do Posío de Ourense.



Nela tomaron a palabra o Presidente da Fundación Vicente Risco, Otero Pedrayo, Coral de Ruada e Secretario da Castelao.

Tratábase de, con esta lembranza do 75 aniversario da morte de Xavier Prado Lameiro, primeiro redactor xefe da Revista Nós, ir achanzando camiño e estreitando relacóns coas

outras Fundacións de cara a un traballo conxunto para o centenario de Nós no ano 2020.



Convocados pola **Liga de Amigos de Barallobre**, asistimos á I Gala dos medios de comunicación en galego, en Fene, o día tres de febreiro de 2018. Alí, xunto con representacións do mundo político e cultural do país, festexamos a necesidade duns medios de comunicación, públicos e privados en lingua galega. Radio Fene, realmente é a impulsora desta primeira gala e ten unha grande querencia oteriana, entre outras cousas, por



ter inaugurado Otero Pedrayo, nos tempos da II República o nomunto “ao Camiñante decoñecido” naquel lugar. Precisamente, con posterioridade á gala, os presentes fotografámonos no mesmo.



Tristemente, a Fundación houbo de levar unhas **camelias de Trasalba** como lembranza e agasallo ao grande amigo da Fundación e premio Trasalba 1999 **Carlos García Martínez**, na homenaxe fúnebre que se lle tributou no Museo do Pobo Galego o día 18 de marzo de 2018.



3G 21:07

 Fundación Ramón Otero Pedrayo ...
2 horas • 

A Fundación Otero Pedrayo une a súa dor á dor da familia, dos amigos e das xentes da cultura de Galicia polo pasamento do que fora Premio Trasalba 1999, e cerebro e brazo do Museo do Pobo Galego, Carlos García Martínez. Descanse en paz.


Falece Carlos García Martínez,
fundador e director do Museo d...

Escribe un
 comentario...  

III ABRIL OTERIANO

Unha das apostas anovadas foi a localización do abril oteriano ao longo de tres espazos: Trasalba, Cemiterio de San Francisco e Compostela, de acordo co seguinte programa:

10 DE ABRIL

12:00 h. Homenaxe a Otero en Trasalba, cos alumnos do IES Otero Pedrayo da Coruña

14 DE ABRIL

12:00 h. Roteiro dos amigos, Cemiterio de San Francisco, Ourense

20 DE ABRIL

12:00 h. Misa en San Francisco, Santiago

20 E 21 DE ABRIL

OS ANOS MÁIS FELICES: OTERO EN COMPOSTELA
Salón Nobre do Colexio de Fonseca, Santiago

17:00 h. día 20. Inauguración

18:30 h. día 21. Clausura

28 DE ABRIL

11:30 h. Conferencia de Xesús Alonso Montero: “Os testamentos de Otero Pedrayo”. Pazo Museo Otero Pedrayo en Trasalba

13:00 h. Presentación do libro *Cronistas oficiais de Ourense e “Crónica do vivir xornaleiro” de Don Ramón Otero Pedrayo*, de Afonso Vázquez-Monxardín

14:30 h. Xantar Oteriano no restaurante A Carballeira de Santa Cruz

10 de abril.

Este ano, o IES Otero Pedrayo da Coruña, achegouse a Trasalba o día 10 de abril, co que comezamos as celebracións. Foron recibidos polo Presidente e fixeron disntas actividades nos espazos da casa.



Posteriormente, xa pola tarde, foron acompañados polo secretario a facer unha homenaxe á tumba de Otero no Cemiterio de San Francisco e, de paso, visitaren aos amigos alí enterrados antes de baixaren á cidade para visitar a Catedral, a estatua de Otero Pedrayo e facerlles visible o roteiro da Esmorga e o Carlos Casares. Casualmente encontrámonos ao alcalde, quen amablemente, lles ensinou aos alumnos o Salón de Plenos do Concello.



Ofrenda floral -camelias do Pazo- na tumba de Otero.

Percorrido por Ourense e posado ao pé da estatua de Otero na Praza do Correxedor.



14 de abril

“Roteiro dos amigos”, percorrido polo Cemiterio de San Francisco de Ourense, un dos más literarios de Galicia, parándonos nas tumbas de vinte e cinco personaxes e lendo textos evocadores.

Tamén houbo intervencións varias de persoas que participaron nel. Yosi,




cantante de Los Suaves, Xosé Lois Carrión, dos amigos da República, Maribel Outeiriño, Jose Luís Carnicero, etc.

Deulle a benvida aos participantes no roteiro Juan Saco e dirixiu o roteiro Afonso V. Monxardín e contamos coa presenza do Presidente da Asociación de Amigos, Eduardo López Pereira. En cada tumba, depositamos un par de camelias de Trasalba. Participaron sobre sesenta e cinco persoas.

20 de abril. SANTIAGO DE COMPOSTELA

O día 20 trasladáronse as actividades a Compostela onde se desenvolverían baixo o acaído título “Os anos máis felices: Otero en Compostela”



VENRES 20 ABRIL
SALÓN NOBRE DO COLEXIO DE FONSECA

16:00 h. Retirada documentación

17:00 h. *Acto inaugural*

17:45 h. *De Trasalba a Compostela*
Ramón Villares Paz, presenta Miguel Santalices

19:15 h. *Don Ramón na Universidade de Santiago (1950-1958)*
Xesús Alonso Montero, presenta Víctor Freixanes

22:30 h. *Roteiro Literario Nocturno “A noite compostelá de Otero”*
Saída da Praza do Toural. Guiado por Juan Saco, Xosé Luís Franco Grande, Patricia Arias e Afonso Vázquez-Monxardín

SÁBADO 21 ABRIL
SALÓN NOBRE DO COLEXIO DE FONSECA

10:00 h. *Compostela en Otero*
Xosé Manuel Salgado, presenta Patricia Arias Chachero

11:30 h. *Otero en Compostela*
X. Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo e Antón Santamarina

16:30 h. *Otero e a prensa compostelá*
C. Balibás Fernández e X. M. Salgado, presenta Xavier Cea Otero

17:30 h. *Otero e as pequenas transgresións*
Margarita Ledo Andión, presenta María Tereixa Navaza

18:30 h. Clausura

12 da mañá, misa en San Francisco, dita por **Andrés Torres Queiuga**, lectura das oracións por Xesús Alonso Montero, co seguinte texto:

III ABRIL OTERIANO

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas (10,29-37)

Un xurista, querendo xustificarse, preguntoulle a Xesús:

¿E quen é o meu próximo?

Xesús replicou:

Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bouraren nel, deixárono medio morto.

Cadrou baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ó velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un clérigo, que pasaba por alí: ó chegar e velo, deu un rodeo.

Pero un samaritano, que ía de camiño polo mesmo lugar, ó velo, sentiu lástima; e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno.

O outro día colleu doulos denarios, deullos ó pousadeiro, e díolle: “Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis”.

¿Quen dos tres che parece que foi próximo do que caeu nas mans dos bandidos?

El respondeu:

O que practicou a misericordia con el.

Díolle Xesús:

Pois ti vai facer outro tanto

Palabra do Señor

Fixo a lectura Xesús Alonso Montero por indicación de don Andrés Torres Queiruga, o sacerdote que celebrou a Misa pola alma de don Ramón Otero Pedrayo, na capela do convento de San Francisco (Santiago), o 20 de abril de 2018.

O acto inaugura do seminario “Os anos máis felices: Otero en Compostela, celebrouse ás 17 horas do día 20 de abril, e contou con destacadas presenzas institucionais. O Reitor, Presidente do Parlamento, Alcalde de Santiago, Presidentes da RAG e do CCG e o Conselleiro de Cultura acompañaron ao Presidente da nosa Fundación no acto inaugural, que tamén contou coa presenza de representantes parlamentarios de todos os grupos políticos. E a exposición “Otero sempre en Trasalba” en formato *rollers*, posta no Patio de Fonseca. Esa



ampla representación fala do atraente que é a figura de Otero e a boa receptividade que topamos ás nosas actividades no mundo oficial.



As conferencias que se desenvolveron foron:

17:45 a 19,00, **De Trasalba a Compostela**, por Ramón Villares Paz, presenta Miguel Santalices.

19, 15 a 20,30, **Don Ramón na Universidade de Santiago (1950-1959)**, Xesús Alonso Montero,

presenta Víctor Freixanes

“A noite compostelá de Otero”. Saída da Praza do Toural, (percorrido entre 22,30 a 24).

coa participación de por Juan Saco, Xosé Luís Franco Grande, Carlos Amable Baliñas, cunha guía elaborada por este último e Patricia Arias.



DÍA 21

10 a 11 **Compostela en Otero Pedrayo**, Xosé Manuel Salgado, presenta Patricia Arias Chachero.

11,30 a 13 **Otero Pedrayo en Compostela**. X. Luís Franco Grande, Ramón Lorenzo, Antón Santamarina.

16,30-17,30 **Otero e a prensa compostelá**, C. Baliñas e X. M. Salgado, presenta Xavier Cea Otero.

17,30-18,30 **De Compostela a Trasalba**. Margarita Ledo Andión, presenta María Tereixa Navaza

DIA 28

O dia 28, como remate e clausura do Abril oteriano, celebramos unha serie de actividades en Trasalba. Primeiro unha conferencia do profesor e padroeiro da Fundación Xesús Alonso

Montero, sobre os testamentos de Otero Pedrayo.

Logo, a presentación en Trasalba do libro *Os cronista oficiais de Ourense a través das actas municipais e a "Crónica do vivir xornaleiro" de Don Ramón Otero Pedrayo* por A



continuación a clausura das xornadas polo Secretario Xeral de Política Lingüística, para rematar nun xantar de amigos de Otero no Pazo de San Damián, ao que asistiron quince persoas.

III ABRIL OTERIANO

NA PRIMAVERA DE 1950, DON RAMÓN OTERO PEDRAYO ACcede, POR OPOSICIÓN, A CATEDRA DE XEOGRAFÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: O SEU SIGNIFICADO POLÍTICO NAQUEL MISERÍMOSO TEMPO

CONFERENCIA DE XESÚS ALONSO MONTERO

(20-4-2018)



Publicacións da Fundación

Á parte do libro do premiado o ano pasado, Carlos Baliñas Fernández, a Fundación promoveu este ano a edición de dous libros.

Os cronista oficiais de Ourense a través das actas municipais, e a "Crónica do vivir xornaleiro" de Don Ramón Otero Pedrayo

A aproveitando a efeméride do cincuenta aniversario do nomeamento de Otero como cronista oficial de Ourense e aproveitando o feito de o secretario ter traballado sobre un orixinal vinculado a Otero do concello de Ourense, promoveu diante do Concello a edición dunha obra facsimilar desa modesta "Crónica do vivir xornaleiro" e que Otero elaborou a modo de diario durante os anos 1968 a 70, desde o seu nomeamento como cronista. Para a edición contouse tamén coa colaboración da Secretaria Xeral de Política Lingüística. Foi presentado primeiro aos medios, e logo no abril oteriano e na Feira do libro en Ourense.



Del Orense antiguo y otras colaboraciones. Ramón Otero Pedrayo en la Región I (1958-60)

A Fundación presentouse á Convocatoria anual de publicacións da Deputación, acollendose ao modelo de coedición, para pór ao acceso e goce público, a recompilación feita pola xornalista ourensá Maribel Outeiriño, titulada *Del Orense antiguo y otras colaboraciones. Ramón Otero Pedrayo en la Región I (1958-60)* e que recollerá en 397 páxinas a práctica totalidade dos seus artigos en castelán en




La Región nesas datas. O libro, publicado pola Fundación e a Deputación, intégrase na Biblioteca Otero Pedrayo da Editorial Galaxia, na que levará o número 12 desa colección, á que se adapta en deseño e tipografía. Agardamos futuras convocatorias para completar esa recompilación con outras co resto dos artigos pois, loxicamente, un volume único seria inmanexable.

IX. XESTIÓNS DE ESPAZOS, MATERIAIS E VARIA

Ás actividades , xa referenciadas, no Plenario de 22 de decembro, -conferencia de Antonio Carro, *Masonería e iglesia, historia de un desencuentro*, organizadas polo **Concello de Amoeiro o dia 16 de outubro**, e á entrega do **Premio Otero Pedrayo por parte das Deputacións de Galicia a Acisclo Manzano e Manuel Buciños**, o 23 de outubro pasado-, sumouse o día 5 de xuño de 2018 o **coloquio da ICCWEEK organizada pola Deputación e a entrega do Premio Rodolfo Prada**.

O galardón que leva o nome do amigo de Otero na emigración porteña, recoñece o traballo de proxectos galegos destacados pola súa creatividade, participación cidadá e repercusión social.

Antes da entrega, a xestora cultural en "Matadero Madrid" e no museo "Reina Sofía", Carlota Álvarez Bassó, ditou unha



interesantísima charla sobre o seu tema de especialidade.

Dáse a circunstancia de que ela, pola súa condición de pertencente por dobre vía paterna e materna ás familia dos Álvarez



Blázquez e de Alexandre Bóveda, xa tiña visitado a don Ramón, de pequena coa familia, a casa de Trasalba, e non volvera a ela desde aquel momento. Emocionada percorreu os lugares e emocionada, recoñeceu os lugares.



TRASLADO DA OFICINA

Polo que respecta á xestión material do espazo Casa Museo, e pendentes da reflexión e creación dun discurso novo e máis atractivo para as visitas, fomos acomentendo os labores urxentes de mantemento así como unha medida que xulgamos imprescindible, o **traslado da oficina de atención ao público** desde dentro da casa ao vestíbulo da Biblioteca en que nos encontramos, para o que o Conservador Iago Seara, fixo un proxecto que executou con todo esmero, unha empresa de Amoeiro. Desde logo libérase un espazo pendente de revalorización museográfica como era aquel cuarto. Informará pormenorizadamente o Conservador.

PLANTACIÓN DE PARREIRAS

Este ano foi imposible repor as parras nos postes de pedra onde había tradicionalmente porque o exceso de auga impidiu a plantación, momento no que tamén se detectou a necesidade de afirmar os postes. Pendente para o ano vindeiro.

ALMACÉN LIBROS NA ESCOLA DE TRASALBA

Montamos unha serie de estanterías metálicas nun espazo cedido polo Concello de Amoeiro, un cuarto na antiga escola unitaria de Trasalba, para aloxar as caixas de libros retiradas do interior da Casa e do espazo de vestíbulo da Biblioteca, correspondentes a unha parte apreciable do excedente histórico da Fundación. De todas maneiras, non abonda.

PREMIO OTERO PEDRAYO.

Por convite inducido, os organizadores propuxeron á Fundación Otero Pedrayo integrarse de xeito estable no Xurado do Premio Otero Pedrayo das Deputación de Galicia, desde esta edición de 2018.

PROPOSTA DEPUTACIÓNS

Das propostas de colaboración coas deputacións referenciadas na acta do día 22 de decembro (adquisición de libros, colocación de placas nas rúas Otero Pedrayo e nos Centros de ensino co seu nome), temos contestación positiva da Deputación de Ourense e de Lugo, e vías abertas con Coruña, que agardamos concretar nos próximos meses.

En Trasalba, a 30 de xuño de 2018



Afonso Vázquez-Monxardin Fernández

Secretario da Fundación Otero Pedrayo